

FERRAMENTAS ELÉCTRICAS PORTÁTILES

RISCOS	CAUSAS
Golpes ou cortes Proxección de fragmentos ou partículas Contactos eléctricos e explosión Vibracións	Contacto con elementos móbiles da ferramenta Mantemento inapropiado Utilización non conforme coas instrucións do fabricante Utilización en atmosferas potencialmente explosivas



MEDIDAS PREVENTIVAS: INSTALACIÓN

- O cadro eléctrico a que se conecten deben contar con interruptores diferenciais que detecten posibles contactos eléctricos indirectos e con interruptores magnetotérmicos que corten a subministración en caso de quecemento da instalación.
- A instalación debe ser conforme ao disposto no Regulamento electrotécnico de baixa tensión.
- Non se deben anular os dispositivos de seguridade do cadro eléctrico.

MEDIDAS PREVENTIVAS ANTES DE COMEZAR A ACTIVIDADE

- As ferramentas eléctricas deben contar con marcado CE, declaración de conformidade e manual de instrucións (hai que ler detidamente este manual de instrucións).
- É preciso realizar unha revisión da ferramenta e rexeitar aquela que se atope coa carcasa danada ou co cable de conexión en mal estado.
- Cooperar co empresario para o bo mantemento das ferramentas e avisar cando se detecten deficiencias nestas.
- Non efectuar reparacións provisionais que poidan danar os seus sistemas de protección.
- Utilizar soamente accesorios e dispositivos adaptables indicados no seu manual de instrucións.
- Antes de a conectar á rede hai que asegurarse de que non ten o dispositivo de bloqueo posto.
- As ferramentas eléctricas portátiles manuais utilizadas en obras ou lugares moi condutores deben ser de clase III.
- En locais húmidos, hai que adoptar as medidas necesarias en previsión de riscos eléctricos: luvas illantes, banquetas de madeira, transformador de seguridade etc.
- Utilizar cinto de seguridade en todos os traballos en alturas.
- Non utilizar ferramentas eléctricas en atmosferas explosivas, a non ser que estean preparadas para iso.

MEDIDAS PREVENTIVAS DURANTE A UTILIZACIÓN DE FERRAMENTAS ELÉCTRICAS

- Limitar o uso de cables de extensión a disposicións puntuais. Estes deben apropiados, con conexión á terra. Evitar estender cables ou prolongadores en zonas con paso de persoas ou vehículos sen a protección adecuadamente resistente.
- Utilizar roupa axustada, levar o pelo recollido e non utilizar cadeas, pulseiras ou aneis, que poidan ser arrastradas por partes móbiles.
- A postura de traballo debe permitir executar o traballo de forma estable.
- Suxeitar firmemente en bancos de traballo ou con abrazadeiras as pezas con que se vaia a traballar.
- Para evitar a exposición a vibracións, hai que limitar a intensidade e duración do uso da ferramenta e realizar pausas periódicas e/ou rotación de traballadores.

FERRAMENTAS ELÉCTRICAS PORTÁTILES

- Desconectar da rede sempre que se vaia manipular a ferramenta (cambio de útil, mantementos etc.), sempre coa chaveta do enchufe e non do cable de alimentación. Os tiróns no cable de alimentación poden causar roturas de fíos internos e/ou perdas de illamento.
- Non deixar as ferramentas conectadas se non están en uso.

MEDIDAS PREVENTIVAS AO FINALIZAR OS TRABALLOS

- Gardar as ferramentas en lugares secos e protexidos de golpes accidentais.
- Realizar o mantemento por persoal especializado e conforme ás instrucións do fabricante. Levar a cabo as operacións de mantemento, revisión ou reparación coa ferramenta desconectada, a non ser que o manual de instrucións indique o contrario.